



DEPUTACIÓN DE LUGO

[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)



[www.fiarebancaetica.coop](http://www.fiarebancaetica.coop)

Máis información

Tel.: 617 081 373

e-mail: [grupolugo@fiaregz.com](mailto:grupolugo@fiaregz.com)

# XORNADA

# informativa

Aberta ao público



TRANSPARENCIA

PARTICIPACIÓN

XUSTIZA SOCIAL



O INTERESE MÁIS ALTO  
É O INTERESE COLECTIVO

TRABALLO  
EN REDE

18 outubro 2014

10:00 h. a 14:00 h.

Salón de Actos / Deputación de Lugo

# Xornada informativa sobre FIARE Banca Etica

Na Deputación de Lugo apostamos por situar ás persoas no centro das políticas públicas, promovendo o exercicio dunha cidadanía activa e responsable e contribuíndo á eficiencia e transparencia da xestión pública.

Así o fixemos cando nos convertimos na primeira institución en España en contar cuns orzamentos participativos, incorporando ás veciñas e veciños na toma de decisións provinciais, de xeito que milleiros de lucenses, a título particular ou como membros de máis de 500 asociacións, contribuíron opinando sobre o orzamento provincial e consensuando as áreas de actuación para o 2015.

Do mesmo xeito, fomos a 1ª institución pública de Galicia e a 1ª Deputación de España en incorporar cláusulas sociais en todos os nosos contratos de obras e servizos, blindando os dereitos dos traballadores das empresas adjudicatarias e bloqueando os abusos da reforma laboral do Goberno central ó impedir convenios que non subroguen ó persoal, que baixen soldos, reduzan permisos ou aumenten a xornada laboral.

Este novo xeito de facer políticas públicas tamén pode pasar pola busca de modelos alonxados da banca convencional, o establecemento de relacións con entidades e cooperativas de crédito transparentes na súa xestión, que prioricen proxectos de impacto social positivo e que traballen, en definitiva, priorizando ás persoas.

Estas xornadas técnicas pretenden, pois, achegar á cidadanía e ás administracións a alternativa da banca ética e as ferramentas que estas ofrecen para poñerse ó servizo da sociedade a través da participación de todos na toma de decisións.

**Fiare Banca Etica** nace grazas ao impulso de persoas e organizacións que queremos construír unha cooperativa de crédito inspirada nos principios das finanzas éticas. Grazas aos depósitos de aforro financiamos proxectos vinculados á loita contra a exclusión social, a cooperación ao desenvolvemento, a agroecoloxía, o comercio xusto e os valores transformadores. Trátase de poñer en mans da cidadanía o control sobre o bo uso dos seus cartos e no que a intermediación financeira dirixa os seus esforzos cara ás persoas e entidades que traballan en proxectos e actividades que xeran un impacto social positivo e rexeneran a sociedade.

## Programa e poñentes

**10:00h:** Recepción, inauguración e presentación da xornada a cargo dun representante da Deputación e outro do grupo local de Fiare en Lugo.

**10:15h:** *A necesidade dunhas finanzas éticas na situación actual.*

Poñente:

**Gonzalo Gesto Quiñoy**

*(Secretario da asociación Fiare-Galicia)*

**10:45h:** Documental:

***Finanzas éticas, o proxecto Fiare.***

**11:15h:** *O momento actual: que é Fiare Banca Etica?.*

Poñente:

**Esteban González Bernárdez**

*(coordinador GIT-Galiza Norte).*

**12:15h:** Pausa-café

**12:35h:** *A operativa bancaria de Fiare Banca Etica.*

Poñente:

**Juan Garibi**

*(Director de operacións de Fiare Banca Etica).*

**14:00h:** **Peché da xornada**

(un representante da Deputación de Lugo e outro do grupo local de Fiare en Lugo).